

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

BLOQUE 1 *Responde a dúas das preguntas deste bloque (Contéstense brevemente).*

1. - Menciona algunha das forzas competitivas de Porter e explica brevemente en que consiste. (0,75 ptos.)
- 2.- ¿Que se entende por comercio electrónico? Señala algunha das súas vantaxes. (0,75 ptos.)
- 3.- ¿Que é un monopolio? Ilustra a resposta con algún exemplo. (0,75 ptos.)
4. - Explica brevemente en que consiste unha ampliación de capital. (0,75 ptos.)

BLOQUE 2 *Responde a dúas das preguntas deste bloque (Contéstense brevemente).*

- 1.- ¿En que se diferencia unha Sociedade Anónima dunha Sociedade de Responsabilidade Limitada? (0,75 ptos.)
- 2.- ¿Que é e como se calcula o Neto Patrimonial dunha empresa? (0,75 ptos.)
3. - Explica que é unha auditoría de contas. (0,75 ptos.)
4. - Describe brevemente algunha das estruturas básicas de organización da empresa que coñezas. (0,75 ptos.)

BLOQUE 3 *Responde a unha das preguntas deste bloque*

1. - A empresa multinacional: concepto, características, factores e estratexias de desenvolvemento. (2 ptos.)
2. - Identifica e explica as principais fontes de financiamento externo da empresa. (2 ptos.)

BLOQUE 4 *Resolve un dos problemas deste bloque*

1. - A seguinte táboa reflicte os custos en que incorre unha empresa para diferentes niveis de produción:

Produción (en unidades)	2.500	6.800	11.900
Custo variable (en unidades monetarias)	7.090	14.500	22.900

Tendo en conta que os custos fixos ascenden a 2.100 unidades monetarias, pídesse:

- a) Calcular os custos medios para cada nivel de produción. (1 pto.)
 - b) Representar graficamente os datos obtidos e comentar o resultado. (1 pto.)
 - c) Determinar as taxas de variación dos custos medios cando a produción pasa de 2.500 a 6.800. (0,5 ptos)
2. - Os datos dunha empresa correspondentes aos exercicios 2004 e 2005 son os seguintes (en euros):

	Edificios	Capital	Mercadorías	Débedas a longo prazo	Clientes	Vehículos	Débedas a curto prazo	Bancos c/c	Caixa
2004	80.180	104.580	24.600	21.000	16.000	11.000	24.000	10.800	7.000
2005	100.000	104.580	39.800	12.000	12.450	23.760	73.630	14.000	200

Pídesse:

- a) Agrupar o balance por masas patrimoniais. (1 pto.)
- b) Calcular o fondo de manobra. (1 pto.)
- c) Comentar a evolución desta empresa dende o punto de vista financeiro. (0,5 ptos.)

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

BLOQUE 5 *Resolve un dos problemas deste bloque*

1. - Á empresa RUMBO S.A. preséntanselle o seguinte proxecto de investimento de dous anos de duración:

	Desembolso inicial	Cobramentos 1º ano	Cobramentos 2º ano	Pagamentos 1º ano	Pagamentos 2º ano
Proxecto	20.000	30.000	40.000	10.000	20.000

Determina se a empresa levará a cabo o mencionado proxecto segundo:

- O VAN, se se require unha rendibilidade mínima para a inversión do 12% (1 pto.)
- O TIR, se o custo de capital é do 6%. (1 pto.)
- O Pay-back, se só realiza aqueles investimentos que se recuperan nun máximo de 1 ano. ¿Consideras oportuno aplicar este método? ¿Por que? (0,5 ptos.)

2. - A empresa POLOSUR S.A. presenta a 31 de decembro de 2005, os seguintes saldos para as contas que afectan aos resultados (expresados en unidades monetarias):

Compras de mercadorías: 123.000

Vendas de mercadorías: 80.000

Salarios de persoal: 95.000

Intereses cobrados dunha conta corrente: 114.000

Gastos de teléfono: 11.000

Gastos de luz: 11.500

Intereses pagados ao banco por un préstamo: 117.000

Perdas procedentes da venda dun vehículo propiedade da empresa: 20.000

Pídese:

- Ordenar as contas anteriores distinguindo entre ingresos e gastos e calcular os resultados de explotación. (1 pto.)
- Determinar os resultados ordinarios e extraordinarios. (1 pto.)
- Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 35%). (0,5 ptos.)

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

BLOQUE 1 *Responde a dúas das preguntas deste bloque (Contéstense brevemente)*

1. - ¿Cal é a principal diferenza entre mercados minoristas e maioristas. Ilustra a resposta cun exemplo. (0,75 pts.)
- 2.- ¿En que consiste unha auditoría de contas? (0,75 pts.)
3. - Dos seguintes impostos indica cales son directos e cales indirectos: Imposto sobre o valor engadido, Imposto sobre a renda das persoas físicas, Imposto sobre sociedades. (0,75 pts.)
4. - Menciona algunha das vantaxes e algún dos inconvenientes do comercio electrónico. (0,75 pts.)

BLOQUE 2 *Responde a dúas das preguntas deste bloque (Contéstense brevemente)*

- 1.- Menciona as distintas fases do ciclo de vida dun produto. (0,75 pts.)
- 2.- ¿Como se chama a oficina de rexistro pública que contén os datos dos empresarios mercantís? (0,75 pts.)
- 3.- Explica brevemente a diferenza entre as teorías empresario-risco e empresario-innovador. (0,75 pts.)
- 4.- ¿Que se entende por financiamento de mantemento? (0,75 pts.)

BLOQUE 3 *Responde a unha das preguntas deste bloque*

1. - O contrato de traballo: concepto, tipos, requisitos para que sexa válido e causas de extinción. (2 pts.)
2. - Comenta as principais achegas de Taylor, Fayol e Mayo no ámbito do pensamento administrativo. (2 pts.)

BLOQUE 4 *Resolve un dos problemas deste bloque*

- 1.- Os elementos patrimoniais dunha empresa valorados en euros, son os seguintes:

- Provedores: 44.000
- Clientes: 23.200
- Débedas a longo prazo con entidades de crédito: 4.000
- Mercadorías: 14.500
- Reservas: 8.200
- Amortización acumulada do inmovilizado material: 5.000
- Equipos para procesos de información (ordenadores): 3.500
- Capital social: ¿?
- Construcións: 40.000
- Terreos e bens naturais: 20.000
- Bancos c/c: 5.000

Tendo en conta esta información, pídesse:

- a) Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais e calcular o saldo da conta capital social. (1 pto.)

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

b) Calcular o fondo de manobra da empresa e comentar o resultado (1 pto.)

c) ¿Que tipo de equilibrio ou desequilibrio presenta esta empresa? Razoa a resposta (0,5 ptos.)

2. Unha empresa ten unha demanda do seu produto de 800.000 unidades anuais. O custo de mantemento anual no almacén de cada unha destas unidades é de 15 € e cada pedido xera uns custos fixos de 2.000 €.

Pídese:

a) Determinar o tamaño óptimo que debe ter cada pedido. (1 pto.)

b) Calcular o número de pedidos que debe facer cada ano e determinar cada canto tempo debe realizar un pedido. (1 pto.)

c) Comentar a utilidade de coñecer os valores calculados nos apartados anteriores. (0,5 ptos.)

BLOQUE 5 Resolve un dos problemas deste bloque

1. - A empresa de transportes TEJON S.A., dedicada a transportar pasaxeiros, está a ofrecer actualmente a pasaxe de ida e volta máis unha estanza dunha semana en hotel a un prezo de 850 euros. Dos datos da súa contabilidade obtívose que os custos fixos nos que incorre son de 1.000.000 euros e os custos variables unitarios son 350 euros.

Pídese:

a) Calcular o limiar de rendibilidade e explicar o significado do valor obtido (1 pto.)

b) Representar graficamente os resultados. (1 pto.)

c) Se o prezo do produto aumentase nun 10%, ¿como se vería afectado o limiar de rendibilidade? (0,5 ptos.)

2. - No ano 2005 os propietarios dunha empresa pensaron na posibilidade de cambiar a súa localización co obxectivo de reducir custos de produción. Para evitar a deslocalización, os traballadores comprometéronse a incrementar a súa produtividade un 10% no 2006. No ano 2005 traballaron na empresa 100 persoas durante 280 días e cunha xornada laboral de 8 horas. O nivel de produción conseguido foi de 380.000 unidades. No 2006 traballáronse 300 días coa mesma xornada laboral diaria e conseguiuuse o mesmo nivel de produción que en 2005.

Pídese:

a) Calcular a produtividade do traballo desta empresa no ano 2005 e no 2006. (1 pto.)

b) Calcular a taxa de variación da produtividade do traballo do ano 2006 respecto do 2005. ¿Conseguiuse o incremento do 10%? ¿Por que? (1 pto.)

c) ¿Que produtividade terían que conseguir os traballadores para lograr o incremento do 10% comprometido? (0,5 ptos.)

CONVOCATORIA DE XUÑO

Bloques 1 e 2:

Nas preguntas curtas de cada un destes bloques, nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

Bloque 3:

Na resposta as preguntas deste bloque valorarase positivamente a claridade expositiva, a utilización axeitada dos conceptos fundamentais e a formulación dun esquema-resumo da resposta. Nota: pódese acadar a máxima puntuación sen necesidade de elaborar o esquema.

Bloques 4 e 5:

Na valoración de cada un dos apartados dos problemas nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) na formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

Para o detalle da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta, ademais das anteriores consideracións, os criterios específicos que se resumen a continuación:

BLOQUE 1

- 1ª Identificación dunha das forzas: 0,25 pts. Breve explicación (0,5 pts.)
- 2ª Concepto de correo electrónico (0,5 pts). Mención dunha das vantaxes (0,25 pts)
- 3ª Concepto de monopolio (0,5 pts.). Exemplo (0,25 pts.)
- 4ª Esta pregunta non admite cualificacións intermedias

BLOQUE 2

- 1ª Darase por válida a mención dunha diferenza (0,75 pts.)
- 2ª Significado económico do Neto Patrimonial (0,25 pts.) Cálculo (0,5 pts.)
- 3ª Esta pregunta non admite cualificacións intermedias
- 4ª Esta pregunta non admite cualificacións intermedias

BLOQUE 3

- 1ª. - Pola elaboración dun esquema para estruturar a resposta pódense outorgar ata 0,5 pts. Explicación do concepto de empresa multinacional (0,75 pts.). Características (como mínimo comentar dúas) (0,5 pts.) Estratexias e factores de desenvolvemento (como mínimo comentar dúas) (0,75 pts.)
- 2ª. - Pola elaboración dun esquema para estruturar a resposta pódense outorgar ata 0,5 pts. Distinción entre

financiamento alleo a curto e longo prazo (0,5 pts.). Por cada modalidade de financiamento a curto prazo mencionada e explicada (0,25 pts. - máx. 0,75 pts.). Por cada modalidade de financiamento a longo prazo mencionada e explicada (0,25 pts- máx. 0,75 pts.).

BLOQUE 4

1ª a) Cálculo dos custos medios para cada nivel de produción (1 pto.). Este apartado non admite cualificacións intermedias. b) Representación gráfica (0,5 pts.). Comentario sinalando que os custos medios decrecen a medida que aumenta ou nivel de produción (0,5 pts.). c) Cálculo correcto das taxas de variación (0,5 pts.)

2ª a) Agrupación do balance correspondente a cada un dos exercicios distinguindo Activo fixo, Activo circulante, Pasivo circulante, Pasivo fixo (Recursos propios+esixible a longo prazo) (1 pto.). *Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no balance penalízase con -0,25 pts.* Se neste apartado se elabora correctamente o balance dun só ano tamén se outorgará 1 pto. Se se segue algún outro criterio para agrupar os balances distinto do de “un balance por exercicio”, outorgarase unha cualificación de 0,25 pts. se as partidas están conceptualmente ben situadas.

b) Cálculo correcto do Fondo de manobra en función dos resultados obtidos non apartado anterior (1 pto.). Este apartado non admite cualificacións intermedias

c) Explicación minimamente coherente (ex., o fondo de manobra pasa a ser negativo) (0,5 pts.). Nota: en todo caso, para obter esta cualificación, é imprescindible aludir ás situacións que reflicten os balances dos dous exercicios.

BLOQUE 5.

1ª. a) Formulación correcta da expresión que permite calcular o VAN: 0,25 pts. Cálculo correcto do valor do VAN: 0,5 pts. Comparación coa rendibilidade mínima requirida para o investimento (0,25 pts.) b) Formulación correcta da expresión que permite calcular o TIR: 0,25 pts. Cálculo correcto do valor do TIR: 0,5 pts. Comparación co custo do capital: 0,25 pts. c) Xustificación da decisión: 0,25 pts. Explicación minimamente razoable sobre a oportunidade de aplicar o método: 0,25 pts.

2ª a) Distinción correcta entre as contas de ingreso e gasto (0,25 pts.). Cálculo correcto dos resultados de explotación (0,75 pts.). b) Determinación dos resultados ordinarios e extraordinarios (1 pto., este apartado non admite cualificacións intermedias). c) Sinalar que os resultados son negativos e polo tanto coinciden os resultados antes e despois de impostos (0,5 pts.)

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Bloques 1 e 2:

Nas preguntas curtas de cada un dos bloques (cunha puntuación máxima de 0,75 pts.), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

Bloque 3:

Nas preguntas deste bloque cunha puntuación máxima de 2 puntos, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización adecuada dos conceptos fundamentais e á formulación dun esquema-resumo da resposta. En todo caso, na valoración da resposta a esta pregunta teranse en conta as seguintes consideracións: (i) Pódese acadar a máxima cualificación aínda que non se elabore un esquema orientador, (ii) O detalle das puntuacións parciais terase en conta fundamentalmente para outorgar cualificacións intermedias nos casos nos que a resposta sexa incompleta, (iii) Únicamente se otorgará a máxima cualificación se a resposta é completa en todos aqueles aspectos que se mencionan no enunciado.

Bloques 4 e 5:

No relativo ós problemas prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) na exposición. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

No detalle da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

BLOQUE 1

1ª.- Se só se caracteriza correctamente un dos mercados: 0.25 pts. Exemplo: 0.25 pts.

2ª.- Non admite cualificacións intermedias.

3ª.- Por cada imposto clasificado correctamente: 0,25 pts.

4º.- Se só se menciona unha vantaxe ou un inconveniente: 0,5 pts.

BLOQUE 2

1ª.- Por cada unha das fases non mencionadas restaranse 0,25 pts.

2ª.- Non admite cualificacións intermedias

3ª.- No caso de que só se aluda a unha das teorías: 0,5 pts.

4º.- Se só se menciona que é un compoñente do autofinanciamento : 0,25 pts

BLOQUE 3

1ª.- Elaboración dun esquema para estruturar a resposta: 0,5 pts. Concepto de contrato de traballo (0,5 pts.). Tipos (mínimo comentar dous) (0,5 pts.). Requisitos para que sexa válido (0,5 pts.). Causas de extinción (mínimo comentar dúas) (0,5 pts.)

2ª.- Elaboración dun esquema para estruturar a resposta: 0,5 pts. Se se comentan achegas dun só autor: 0.75 pts. Comentarios sobre as achegas de dous autores: 1.5 pts. Por cada achega que se mencione sen comentar ou explicar: 0,25 pts.

BLOQUE 4

1ª.- a) Agrupación do balance distinguindo Activo fixo, Activo circulante, Pasivo circulante, Pasivo fixo (0.75 pts.) *Cada un dos elementos que se coloque incorrectamente no balance penalízase con -0,25 pts.* Cálculo do capital social: 0,25 pts. b) Cálculo correcto do fondo de manobra en función dos resultados obtidos no apartado anterior (0.75 pts.). Comentario razoable (0,25 pts.) c) Caracterización do desequilibrio como suspensión de pagos (0,25 pts.). Interpretación coherente da situación: 0,25 pts.

2ª.- a) Non admite cualificacións intermedias. b) Cálculo do número de pedidos: 0,5 pts. Determinación de cada canto tempo debe realizar un pedido: 0,5 pts. c) Comentario minimamente procedente: 0,5 pts. En particular, darase por válida a explicación do significado do concepto de volume óptimo de pedido

BLOQUE 5.

1ª.- a) Formulación para o cálculo do limiar de rendibilidade: 0,5 pts. Explicación do significado do valor obtido: 0,5 pts. b) Identificación e representación das funcións: 0.5 pts. Identificación de zonas de beneficios e perdas: 0.25 pts. Identificación das variables en cada un dos eixes e sinalización dos valores significativos: 0,25 pts. c)) Formulación correcta que permite calcular a cantidade: 0,5 pts. Se se responde de xeito xenérico sen xustificar a resposta realizando os cálculos pertinentes: 0,25 pts.

2ª.- a) Formulación da expresión que permite calcular a produtividade en cada un dos anos: 0.75 pts. Indicación das unidades nas que vén expresada a produtividade do traballo:0,25 pts.

b) Formulación da expresión que permite calcular a taxa de variación da produtividade: 0.5 pts. Determinación da taxa en termos porcentuais: 0.25 pts. Explicación razoable: 0.25 pts c) Formulación da expresión que permite calcular o valor da produtividade que se pide: 0.5 pts.

SOLUCIÓNS XUÑO

Bloque 1.

1. Exemplo de forza competitiva: o grao de rivalidade dos competidores actuais. A intensidade da competencia dependerá fundamentalmente do número de competidores que concorran no mercado, do grao de concentración no sector e do grao de madureza do sector.

2. Comercio electrónico: calquera forma de transacción entre empresas ou con consumidores a través de Internet. Exemplo de vantaxe: incremento da transparencia no mercado, ao poder acceder máis doadamente a un número maior de ofertas.

3. Un monopolio é un mercado no que existe un só oferente (demandante) e un número elevado de demandantes (oferentes). Exemplo ilustrativo: Telefónica cando era o único operador de telefonía fixa en España.

4. Ampliación de capital: obtención de fondos por parte da empresa por medio da emisión de novas accións.

Bloque 2.

1. Exemplo dunha das diferenzas: na Sociedade Anónima o capital está dividido en accións e os seus propietarios son socios da empresa. Na Sociedade de Responsabilidade Limitada o capital está dividido en participacións e os propietarios son partícipes.

2. O Neto Patrimonial son os recursos propios ou pasivo non esixible dunha empresa, constituído polo capital e as reservas, e os resultados do exercicio mentres non sexan distribuídos. Calcúlase como a diferenza entre o activo e o pasivo esixible.

3. Auditoría de contas: actividade realizada por unha persoa cualificada e independente, consistente en analizar a información económico-financeira contida nas contas anuais da empresa e que ten como obxecto emitir unha opinión (informe) sobre a fiabilidade da citada información.

4. Exemplo de estrutura organizativa: estrutura lineal xerárquica: Baséase na autoridade directa do superior sobre os subordinados. Cada directivo ten responsabilidade sobre unha ampla gama de actividades. Todas as decisións pasan por el e, polo tanto, cada persoa responde ante un único xefe.

Bloque 3.

1. A título orientador sobre como desenvolver a resposta a esta pregunta véxanse os criterios específicos de corrección establecidos para esta.


2. A título orientador sobre como desenvolver a resposta a esta pregunta véxanse os criterios específicos de corrección establecidos para esta.

Bloque 4.

a)

Q	Custos fixos	Custos variables	Custos totais	Custos medios
2.500 unidades	2.100 u.m.	7.090 u.m.	9.190 u.m.	3,67 u.m.
6.800 unidades	2.100 u.m.	14.500 u.m.	16.600 u.m.	2,44 u.m.
11.900 unidades	2.100 u.m.	22.900 u.m.	25.000 u.m.	2,1 u.m.

b)



O custo por unidade de produto descende á medida que aumenta o número de unidades producidas, ao se repartiren os custos fixos entre un maior número de unidades (existen economías de escala)

c)

Q	Custos medios	Variación
2.500	3,67 u.m.	
6.800	2,44 u.m.	-33%

$\frac{2,44 - 3,67}{3,67} = -0,33 \Rightarrow$ Prodúcese un descenso do 33% nos custos medios

Criterios de Avaliación / Corrección

2. a)

ACTIVO	2004	2005	PASIVO	2004	2005	
Activo fixo	91.180	123.760	Fondos propios	104.580	104.580	PASIVO FIXO
Edificios	80.180	100.000	Capital	104.580	104.580	
Vehículos	11.000	23.760				
Circulante	58.400	66.450	Esixible			
Mercadorías	24.600	39.800	Esixible a l/p	21.000	12.000	PASIVO CIRCULANTE
Clientes	16.000	12.450	Débedas a l/p			
Bancos	10.800	14.000	Esixible a c/p	24.000	73.630	
Caixa	7.000	200	Débedas a c/p			
Total	149.580	190.210	Total	149.580	190.210	

b)

$$FM(2004) = 125.580 - 91.180 = 34.400 \text{ €}$$

$$FM(2004) = 58.400 - 24.000 = 34.400 \text{ €}$$

$$FM(2005) = 116.580 - 123.760 = -7.180 \text{ €}$$

$$FM(2005) = 66.450 - 73.630 = -7.180 \text{ €}$$

c) En 2004 a situación financeira da empresa é estable ($FM > 0$). En 2005, ten un fondo de manobra negativo, debido ao aumento da débeda a curto prazo. É unha situación de inestabilidade financeira. O activo circulante non é suficiente para facer fronte ao endebedamento a curto prazo (suspensión de pagamentos)

BLOQUE 5.

1.-

a)

Fluxo caixa ano 1 = Cobramentos 1º ano - Pagamentos 1º ano = 30.000 - 10.000 = 20.000 u.m.

Fluxo caixa ano 2 = Cobramentos 2º ano - Pagamentos 2º ano = 40.000 - 20.000 = 20.000 u.m.

2.- a)

Gastos		Ingresos	
Gastos de explotación	240.500		
Compras de mercadorías	123.000	Ingresos de explotación	80.000
Salarios	95.000	Vendas de mercadorías	80.000
Teléfono	11.000		
Luz	11.500		
		Perdas de explotación	160.500
Gastos financeiros	117.000	Ingresos financeiros	114.000
Intereses pagados préstamo	117.000	Intereses cobrados c/c	114.000
		Perdas financeiras	3.000
		Perdas actividades ordinarias	163.500
Perda venda vehículo	20.000		
Beneficios extraordinarios		Perdas extraordinarias	20.000
Resultado bruto	-183.500		

Resultado de explotación: -160.500 u.m. (perda).

b) Resultados ordinarios: -163.500 u.m. ; resultados extraordinarios: -20.000 u.m.

$$VAN = -20000 + \frac{20000}{1+0,12} + \frac{20000}{(1+0,12)^2} = 13805 \text{ u.m.}$$

O VAN é positivo, polo tanto o investimento resulta interesante.

b)

TIR é a taxa que fai que o valor actualizado (VAN) sexa 0.

$$0 = -20000 + \frac{20000}{1+r} + \frac{20000}{(1+r)^2}$$

Tomando $1+r=x$

$$0 = -20000 + \frac{20000}{x} + \frac{20000}{x^2} \Rightarrow x = 1,61 \Rightarrow r = 1,61 (61\%)$$

A TIR é moi superior ao 6%, polo que é interesante realizar o investimento.

c) O *pay-back* ou prazo de recuperación é o tempo que tarda en recuperar o investimento inicial. Neste exemplo recupera o investimento inicial no primeiro ano, pero o *pay-back* ten limitacións como criterio de selección de investimentos xa que non ten en conta a variación do valor do diñeiro co paso do tempo.

SOLUCIÓNS SETEMBRO

Bloque 1.

1. Nos mercados minoristas véndese o produto ao consumidor final. Nos mercados maioristas véndense cantidades ó por maior, son abastecidos polos fabricantes ou produtores e neles abastécense normalmente os comerciantes minoristas.

2. Auditoría de contas: actividade realizada por unha persoa cualificada e independente, consistente en analizar a información económico-financeira contida nas contas anuais da empresa e que ten como obxecto emitir unha opinión (informe) sobre a fiabilidade da citada información.

3. Impostos directos: imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades.

Impostos indirectos: imposto sobre o valor engadido.

4. Exemplo de vantaxe para os consumidores: comodidade e posibilidade de operar 24 horas ao día dende calquera lugar. Exemplo de inconveniente: posibles problemas na seguridade nas transaccións.

Bloque 2.

1. Introducción (lanzamento), crecemento, madureza e declive.

2. Rexistro Mercantil.

3. Empresario risco: aquela persoa que asume o risco de contratar factores produtivos para levar adiante unha empresa coa expectativa de obter un beneficio incerto. Empresario- innovador: aquel axente que consegue levar á súa empresa a unha situación de vantaxe respecto á competencia, ao poñer en práctica unha innovación que lle permita mellorar a súa situación competitiva

4. É a parte do autofinanciamento que se destina a compensar a depreciación do activo (amortizacións).

Bloque 3.

1. A título orientador sobre como desenvolver a resposta a esta pregunta, véxanse os criterios específicos de corrección establecidos para esta.

2. A título orientador sobre como desenvolver a resposta a esta pregunta, véxanse os criterios específicos de corrección establecidos para esta.

Bloque 4.

1.

a)

ACTIVO		PASIVO		
Activo fixo ou inmovilizado	58.500	Fondos propios	53.200	PASIVO FIXO
Terreos e bens naturais	20.000	Reservas	8.200	
Construcións	40.000	<i>Capital social</i>	<i>45.000</i>	
Equipos para procesos de información	3.500			
Amortización acumulada inmovilizada	-5.000	Pasivo esixible a l/p	4.000	
		Débedas a l/p con entidades de crédito	4.000	PASIVO CIRCULANTE
Activo circulante	42.700	Pasivo esixible a c/p	44.000	
Mercadorías	14.500	Provedores	44.000	
Clientes	23.200			
Bancos c/c	5.000			
TOTAL ACTIVO	101.200	TOTAL PASIVO	101.200	

Capital social: 45.000 €

b).

Fondo de manobra = Pasivo fixo (Fondos propios + Débeda l/p) - Activo fixo.

$$FM = (53.200 + 4.000) - 58.500 = -1.300 \text{ €}$$

Fondo de manobra = Activo circulante - Pasivo circulante (débeda c/p).

$$FM = 42.700 - 44.000 = -1.300 \text{ €}$$

c) Situación de suspensión de pagamentos, posto que co seu activo circulante non pode facer fronte ás súas débedas a curto prazo.

2. a)

Segundo o método de Wilson

$$s = \sqrt{\frac{2 \cdot 2.000 \cdot 800.000}{15}} = 14605,9 \text{ unidades}$$

O tamaño óptimo de cada pedido é de 14.605,9 unidades.

b).

$$\text{Nº pedidos ao ano} = \frac{800000}{14605,9} = 54,7 \text{ pedidos}$$

$$\text{Días transcorridos entre pedidos} = \frac{360}{54,7} = 6,6 \text{ días}$$

c) A principal utilidade dos cálculos precedentes é que permiten minimizar o custo de mantemento do stock

Bloque 5.

1.

a) Umbral de rendibilidade ou punto morto (QPM):

$$QPM = \frac{CF}{P-CV_{me}} = \frac{1000000}{850-350} = 2000 \text{ viaxes}$$

$$\text{Ingresos no punto morto} = 850 \cdot 2.000 = 1.700.000 \text{ €}$$

A partir de 2.000 viaxes contratadas a empresa obterá beneficios, e por debaixo deste número terá perdas.

2. a)

	2005	2006
Produción (PT)	380.000	380.000
Traballadores	100	100
Días traballados	280	300
Horas traballo/ día	8	8
Nº unidades de traballo utilizadas (L)= traballadores x nº días traballados x horas traballo/día	224.000	240.000
Produtividade do traballo (= PT/L)	1,69	1,58


b)

Taxa variación produtividade do traballo =

$$\frac{1,58-1,69}{1,69} \cdot 100 = -6\%$$

Non se conseguiu o incremento da produtividade porque aumentou o número de unidades de traballo utilizadas, pero continuouse producindo a mesma cantidade.

b)CF



$$c) P_0 = 850 ; P_1 = P_0 \cdot 1,1 = 850 \cdot 1,1 = 935 \text{ €}$$

$$\text{Novo valor do punto morto: } \frac{1000000}{935-350} = 1709,4 \text{ (1710) viaxes}$$

Ao aumentar o prezo é necesario un menor número de viaxes para alcanzar o umbral de rendibilidade ou punto morto, posto que os custos fixos e os custos variables unitarios se manteñen constantes.

c)

$$0,1 = \frac{x-1,69}{1,69} \Rightarrow x = 1,69 \cdot 0,1 + 1,69 = 1,86$$

unidades producidas por hora de traballo

A produtividade que terían que alcanzar para cumprir co incremento do 10% sería de 1,86 unidades por hora de traballo.